

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catorce de novembro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as oito horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 8 de novembro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRAS

- Rousil S.C.

#### ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 11 de decembro de 2020, concedeuse á sociedade ROUSIL S.C., con

- CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar da Veiga, parroquia de Río, licenza municipal para INSTALACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN, con emprazamento no lugar de Leboro, parroquia de Río, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 25/08/2020 e anexos de datas 27/11/2020, 30/09/2020, 25/11/2020 e 09/12/2020), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don Francisco Pérez Donsión.
2. A citada sociedade foi constituída en documento privado subscrito en data 8 de xuño de 2020 e está integrada por Don Jesús Lamazares Vence (DNI núm. [REDACTED]), Don Alberte Lamazares Casero (DNI núm. [REDACTED]), Don Jesús Manuel Faílde Gutiérrez (DNI núm. [REDACTED]) e Don Manuel Faílde Vázquez (DNI núm. [REDACTED]). Non consta a súa elevación a documento público.
  3. Con data 13 de decembro de 2022 (RE-E núm. 619), Don Alberte Lamazares Casero, na representación da sociedade interesada, solicita a modificación da licenza concedida, achegando modificado de proxecto e anexo (visado colexial núm. [REDACTED], do 02/05/24, e anexo de data 18/10/24), redactados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
  4. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, de conformidade co indicado no proxecto, fíxase en trinta e seis (36) meses.
  5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. No que non contradiga o presente acordo, considéranse vixentes e de plena aplicación os fundamentos xurídicos e o acordo correspondente á licenza orixinal concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de decembro de 2020.
2. A modificación proxectada vén motivada polo feito de que cando se pretendían iniciar as obras aprobouse e foi comunicada a toma de posesión das novas parcelas da ZCP Val de Camba. A

parcela inicial obxecto da licenza (referencia catastral 36047A087000340000PB) forma parte na actualidade dunha nova parcela froito da concentración. Dado que esta última varía a superficie e forma do predio, a sociedade promotora decidiu modificar o proxecto inicialmente presentado para adaptalo á nova realidade física da actual parcela.

3. As instalacións proxectadas consisten na construción dunha edificación destinada a corte de vacún, sala de muxido, sala de espera, leitería, aseo e oficina, e unha fosa de xurro.
4. A capacidade da explotación queda fixada en 90 vacas e 40 novillas (115 UGM).
5. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de CATROCENTOS SETENTA E DOUS MIL CENTO VINTE E CINCO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (472.125,90 €).
6. O contido urbanístico do proxecto modificado presentado coincide cos seguintes extremos:

|                                       |   |
|---------------------------------------|---|
| Titular do predio                     | ██            |
| Inscripción no Rexistro da Propiedade | Non consta no expediente                            |
| Identificación da parcela             | Parcela núm. 1058 do polígono 7 da ZCP Val de Camba |
| Superficie da parcela                 | 8.469 m <sup>2</sup>                                |
| Uso autorizado                        | Explotación de vacún                                |
| Superficie ocupada en planta          | 2.691,84 m <sup>2</sup>                             |

7. A modificación da actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental (DIA) ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
8. Por Resolución de data 30 de agosto de 2024 da Dirección Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. ████████████████████).
9. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a

- competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
10. Figura no expediente a resolución de autorización previa de obras na ZCP Val de Camba emitida, con data 28 de xuño de 2024, polo Servizo de Infraestruturas Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra.
  11. Seguiuuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
  12. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
  13. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Modificar parcialmente o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 11 de decembro de 2020, de conformidade coas consideracións anteriormente expostas, manténdose a integridade do non modificado polo presente, así como as mesmas condicións especiais fixadas no acordo inicial de concesión da licenza, ademais das seguintes:

a) A explotación de vacún proxectada inclúe unha esterqueira situada na parcela 13 do polígono 87 do catastro inmobiliario de bens de natureza rústica, situada no lugar da Veiga e a unha distancia aproximada de 214 metros da finca sobre a que se proxectan as edificacións da explotación. Previamente ao inicio da actividade, deberá obterse o título habilitante municipal que corresponda para a execución das obras indicadas no apartado 1 da DIA para permitir o uso como esterqueira das antigas instalacións dunha explotación de vacún, destinadas a cortello e palleira, existentes na dita parcela.

b) As obras deberán comezar dentro do prazo máximo de eficacia da licenza, conforme á súa normativa reguladora, e, na súa falta, no prazo de seis meses contados desde a data de outorgamento da licenza. En caso contrario,

o proxecto deberá adaptarse ás modificacións do CTE aprobadas polo Real Decreto 450/2022, do 14 de xuño, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo.

Segundo.- Aprobar a liquidación complementaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por mor do incremento do orzamento da obra, pola cantidade de CINCOCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (542,52 €).

Terceiro.- Aprobar a liquidación complementaria da Taxa por licenzas urbanísticas, por mor do incremento do orzamento da obra, pola cantidade de CENTO TRINTA E CINCO EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (135,63 €).

### ***3.- CONCESIÓN DE SEGUNDA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA MUNICIPAL***

#### **ANTECEDENTES**

1º.- Con data 24 de setembro de 2024, a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. o contrato de obras para a execución do investimento denominado *“MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME”*.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouse o día 14 de outubro de 2024, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en dúas (2) semanas, contadas a partires do día da sinatura de dito documento.

3º.- Por acordo deste órgano, adoptada na sesión de data 28 de outubro do corrente, concedeuse unha primeira ampliación ata o día 11 de novembro de 2024.

4º.- En data 8 de novembro do corrente (RE-E núm. 642), Dona Ana Isabel Taboada Ramos, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha segunda ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

5º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 08/11/24, informe favorable á prórroga solicitada.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”*.

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

## ACORDO

Conceder á adxudicataria CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. unha segunda ampliación, ata o día 25 de novembro de 2024, no prazo de execución da obra denominada *“MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME”*.

### **4.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA CONTRATO FORMATIVO DUN (1) POSTO DE TRABALLO, AO ABEIRO DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS”**

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que o día 11 de novembro do corrente rematou o proceso selectivo para a contratación laboral na modalidade de contrato formativo dun posto de traballo, na categoría de graduado/a en Dereito, segundo a convocatoria e Bases aprobadas por acordos deste órgano adoptados nas sesións de datas 20 de agosto e 4 de novembro do corrente.

O Tribunal cualificador do proceso selectivo, reunido en data 12/11/24, eleva a este órgano a seguinte proposta:

A contratación da única candidata admitida, segundo a seguinte relación:

Técnica xurídica

| CANDIDATA          | EXPEDIENTE ACADÉMICO | DOCTORAMENTO | MÁSTER | TITULACIÓN DISTINTA | CURSOS | TOTAL |
|--------------------|----------------------|--------------|--------|---------------------|--------|-------|
| ANTÍA SALA DOCAMPO | 1,00                 | 0            | 0,50   | 0                   | 1,80   | 3,30  |

Corresponde, en consecuencia, a contratación da candidata Antía Sala Docampo.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co proposto polo Tribunal cualificador, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral, mediante un contrato formativo, polo prazo dun (1) ano, da seguinte traballadora:

Técnica xurídica

| NOME E APELIDOS    | DNI        |
|--------------------|------------|
| ANTÍA SALA DOCAMPO | ██████████ |

Segundo.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que asine o correspondente contrato de traballo e cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

**5.- APROBACIÓN DAS BASES DA INICIATIVA “RODEIRO DE TAPAS. XI XORNADAS DE PROMOCIÓN DOS PRODUTOS LOCAIS – EDICIÓN DE OUTONO”**

Os obxectivos principais da iniciativa responden á promoción da gastronomía local, a dinamización do sector hostaleiro local e á promoción turística e comercial do Concello.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases da iniciativa “*Rodeiro de tapas. XI Xornadas de promoción dos produtos locais – Edición de outono*”, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar o correspondente gasto, por importe máximo de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), imputable á partida presupostaria 330/226 do orzamento en vigor.

#### ANEXO

##### BASES RODEIRO DE TAPAS XI XORNADAS DE PROMOCIÓN DOS PRODUTOS LOCAIS – EDICIÓN DE OUTONO

Ponse en marcha a edición de outono das undécimas xornadas de tapeo, organizadas pola Concellaría de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade do Concello de Rodeiro.

1. OBXECTIVOS 1.1 Dar a coñecer o potencial gastronómico do pobo de Rodeiro a través da promoción de produtos locais de recoñecida calidade, neste caso, produtos da tempada de outono: cogomelos, caza, castañas, mazás, cabazas, etc.

1.2 Impulsar o sector hostaleiro local e o sector produtivo primario.

1.3 Consolidar esta iniciativa facer dela unha ferramenta de promoción turística, comercial e de desenvolvemento.

1.4 Convertir Rodeiro en Destino turístico pola gastronomía, a paisaxe e a Historia.

#### 2. O CONCURSO E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

2.1 Nesta iniciativa participan aqueles bares e restaurantes do Concello de Rodeiro que así o desexen. O éxito dependerá, en gran medida, da presentación, elaboración, servizo e creatividade da tapa que cada hostaleiro/a presente. Deberán ter presente que o seu esforzo será recompensado coa mellora da imaxe do seu colectivo e o incentivo que supón a idea de chegar a un maior número de clientes.

2.2 O prazo para a inscrición levouse a cabo entre os días 21 a 23 de outubro 2024.

2.3 O día 30 de outubro o cocifeiro Alejandro Iglesias - Cabanas realizou unha demostración de pinchos e tapas na cocifa dun local de hostalería de Rodeiro para os participantes desta edición. Nesta xornada os hostaleiros degustaron as elaboracións de dito chef e consultáronlle as súas dúbidas sobre a tapa que realizarán para o concurso.

2.4 Dende o día 4 ata o día 8 de novembro foronse realizando as fotografías que se publicarán nas redes sociais e cartelería do evento, e que serán as participantes no concurso.

2.5 Cada establecemento presenta ao concurso unha soa tapa.

#### DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

As datas que se propoñen para o desenvolvemento do concurso serán as seguintes: 15 a 17 de novembro. Todas as tapas serán realizadas aproveitando, na medida do posible, os fantásticos produtos do concello. Coincidindo coas datas de realización do concurso o Concello de Rodeiro promoverá a realización de eventos relacionados coa cultura e o

patrimonio co fin de vincular a distintos sectores da vida municipal no obxectivo de impulsar as potencialidades do noso pobo.

2.5 Establécese un prezo fixo unitario de 2,50 €/tapa.

2.6 Nesta edición non haberá xurado profesional.

2.7 Os establecementos comprométese a ter á disposición do público, e en cantidade suficiente, a tapa coa que participan durante os días de duración do evento e servirán as tapas entre as 13:00 h. e as 15:00 h. e entre as 19:00 h. e as 23:00 horas. Os establecementos poderán axeitar o horario ás súas necesidades, sempre que o publiciten e o notifiquen á organización.

2.8 Os establecementos deberán colocar nun lugar visible o material promocional e corporativo do concurso, a enumeración dos locais participantes, un cartel publicitario, unha fuma e uns tacos de votación para que o público poida valorar a proposta feita por cada local.

2.9 Ademais, os establecementos participantes deberán: a) Dentro do establecemento, indicar e diferenciar de maneira visible na súa oferta a tapa que participen no concurso. b) Dar un informe final sobre o número e colaborar coa enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de mellorar as futuras edicións do mesmo.

### 3. A TAPA

3.1 As tapas deberán empregar como ingredientes produtos de calidade da nosa terra, tratando a preparación de maneira tradicional ou ofrecendo unha cociña de novas tendencias pero mantendo as materias primas e o espírito da nosa gastronomía. Na súa valoración terán especial consideración:

• A elaboración • A presentación • O sabor • Orixinalidade/Usos produto local/Calidade do servizo. Ademais na tapa que sexa elaborada con produtos procedentes da produción local valorarase especialmente a promoción e a innovación que se consiga a través da conxunción do sector produtivo primario e a hostalería, xa que logo entre os obxectivos do programa está poñer en valor o produto local de calidade e promocionalo.

### 4. PARTICIPANTES

4.1 Concursan os establecementos de hostalería que teñan o seu establecemento radicado dentro do termo municipal. Para os establecementos participantes crearáselle, de solicitalo, unha conta na web que permita a localización do seu negocio en Google Maps e un enlace á páxina web da iniciativa en Facebook, sen custe para eles. Neste sentido, aproveitarase a infraestrutura existente das edicións pasadas, soamente para os interesados que desexen continuar participando. Os establecementos participantes nesta XI edición son os seguintes:

1. Casa Sánchez. "Koroke de Outono".
2. Cabalos do Faro. "Pasta con champis".
3. Parrillada Maranteiro. "Timbal A Roda".
4. Casa Achacán "Cachocorzo.Com".
5. Bar Desito. "Terrina de outono".
6. Pub Gallaecia. "Carapuchiña".
7. Bruxas e Coruxas. "Olláparo".
8. O Recanto. "Xabaril con setas e castañas".

### 5. PREMIOS

5.1 Nesta edición establécese unha única categoría de premios: o premio do público.

5.2 Modelos de cupóns de valoración do público. Utilizaranse os mesmos aprobados para a edición celebrada no mes de xuño - O premio do público determinarase polo coeficiente resultante de dividir o número total de puntos obtidos nas votacións entre as papeletas depositadas na urna. A mellor tapa será a que maior coeficiente acade como resultado desta división, determinando así a 1ª, 2ª e 3ª mellor tapa, sendo necesario contabilizar un mínimo de 50 cupóns do público.

5.3 PREMIOS DO PUBLICO: Papeletas de votación: Cada establecemento terá un talonario. As papeletas terán que estar cubertas polo cliente cumprimentando todos os datos, de non ser así a papeleta non será contabilizada. Nela poderán valorar a tapa do 1 ó 5, e será depositada na urna. Poderán utilizar unha papeleta por tapa consumida. Cada papeleta debe ser depositada no local no que se consumiu a tapa, non se admiten como válidas as papeletas depositadas nunha urna distinta á do local no que se consumiu a tapa obxecto de valoración.

Entre todas papeletas, poderán optar mediante sorteo os seguintes premios:

1. 1 noite nun establecemento a definir para 2 persoas.
2. 2 Vales de 50,00 euros para gastar no comercio local de Rodeiro.

Sortearase tamén, entre os seguidores da conta @rodeiro\_gastronomico que cumplan as seguintes condicións, entre os días mércores 7 de novembro e domingo 17 de novembro:

- Seguir a conta @rodeiro\_gastronomico.
- Darlle a "me gusta" á publicación e mencionar a un amigo/a.
- Compartir a publicación en stories.

3. 1 Vale de 40,00 euros para gastar no comercio local de Rodeiro.

Os premios caducarán aos trinta (30) días naturais a partires do sorteo, despois pasará a ser premiado ó 1º reserva de cada premio que entra no sorteo, polo tanto serán sacadas unha papeleta reserva por cada premio. A data de entrega de premios aos establecementos gañadores e o sorteo dos gañadores entre o público participante realizarase nun acto conxunto e programado en coordinación cos negocios participantes.

## 6. PUBLICIDADE

6.1 Con esta nova edición de Rodeiro de tapas temos una magnífica oportunidade para dar a coñecer os produtos locais e incentivar a visita ao Concello, contribuíndo deste xeito a dinamización económica e social. O paquete publicitario esténdese a dúas categorías "público" e "establecemento".

6.2 Establecemento. A organización equipará a cada establecemento con carteis A3 con a publicidade do evento. Cupóns de votación para os seus clientes e urnas de cartón para o seu depósito. Traballarase cos perfiles en redes sociais coa información detallada do evento (participantes, premios, tapas, localización, etc).

6.3 Público. Cada cliente poderá votar en cada establecemento a súa valoración da tapa que degustou. Deberá completar correctamente a información persoal requirida no cupón de votación.

## **6.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 4 DA OBRA DE "HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO", INCLUÍDA NO PROGRAMA PON2030**

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 4 correspondente á obra de "Humanización e mellora peonil da rúa B de Rodeiro", incluída no Programa PON2030, por importe de CORENTA E OITO

MIL SETECENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (48.769,07 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director de obra Don Antonio Carro Núñez.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 48.769,07 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 24/073 (FACe), de data 08/11/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

## ***7.- RECOÑECIMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADORA LABORAL INDEFINIDA DO CONCELLO***

VISTA a petición formulada pola traballadora laboral indefinida, coa categoría de técnica municipal de Medio Ambiente, Dona Yolanda Aguiar Jorge (RE-E núm. 667, do 13/11/24), solicitando o recoñecemento do sexto trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballadora laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 26 de agosto de 2010, 8 de maio de 2013, 15 de xaneiro de 2016, 4 de decembro de 2018 e 2 de novembro de 2021, recoñeceulle o seu dereito ao percibo de cinco trienios.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER á traballadora laboral indefinida Dona Yolanda Aguiar Jorge o seu dereito a percibir o sexto trienio con data de consolidación do día

14 de novembro de 2024 e con efectos económicos do día 1 de decembro de 2024.

## **8.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “TERRAS DE CAMBA I”**

A proposta do presidente da Comisión de Selección e ao obxecto de evitar que as prazas convocadas de persoal docente queden vacantes ante a escaseza de candidatos/as neses perfís posta de manifesto polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), considérase axeitado para o interese público flexibilizar o requisito de experiencia profesional esixido aos ditos postos de docentes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, modificar puntualmente as bases aprobadas por acordo deste órgano, na sesión de data 24 de outubro do corrente, no sentido de suprimir a limitación dos últimos quince anos para a acreditación da experiencia profesional esixida para os postos de traballo convocados de docentes nas dúas especialidades de forestal e albanelería.

## **9.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS**

### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Por resolución de data 07/05/24 da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) concedeuse ao Concello unha axuda por importe de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €) destinada á redacción dun estudo integral da rede viaria municipal, ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 18, do 25/01/24).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Terceiro.- Constan no expediente as preceptivas tres ofertas para o servizo a contratar presentadas por Consultoría y Diseño de Infraestructuras Civiles S.L., Ana María García Mayo e Leticia Diéguez Alonso, así como os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato asinados polo alcalde con data 13/11/24.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte

### ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na redacción dun estudo integral da rede viaria municipal a favor da oferta economicamente máis vantaxosa presentada por LETICIA DIÉGUEZ ALONSO, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Rodeiro, ao prezo de ONCE MIL NOVECENTOS NOVENTA E UN EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (11.991,10 €), IVE incluído.

Segundo.- O estudo deberá contar co contido mínimo que establece o artigo 5.3 da resolución de convocatoria da subvención.

Terceiro.- Establecer en tres (3) meses o prazo de execución do servizo contratado, contados dende a data da presente adxudicación.

Cuarto.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 450/619 do presuposto en vigor.

## **10.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 408,67 € E 61,71 €  
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 24A/1570 e 24A/1571 (FACe).
- SERTECO-OR S.L. 286,67 €  
Por subministro de tinta para impresoras, s/factura núm. 24A/1509 (FACe).
- FARO DE VIGO S.A. 135,52 €  
Por publicación de anuncio oficial do Concello no diario, s/factura núm. 2024F0002553 (FACe).
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 8.808,11 €  
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de setembro de 2024, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 3.500,24 €  
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de setembro de 2024, s/recibos.
- FERRODEIRO S.L. 1.422,96 €  
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 002426.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 240,30 € E 38,20 €  
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de outubro de 2024, s/facturas núm. 4004138846 e 4004143351 (FACe).
- RAPOSO ABOGADOS S.L.P. 3.025,00 €  
Por asistencia letrada en recurso contencioso-administrativo PO. 92/24, s/factura núm. 2024/103.
- MARÍA ELENA JORGE MATO 98,28 €  
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.

- AMBIGAL 360 S.L. 330,00 €

Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 01-A240980 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)